

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN MUSEO DO VIDEOXOGO DE GALICIA PARA A IDENTIFICACIÓN, DIFUSIÓN E PRESERVACIÓN DO PATRIMONIO VENCELLADO AOS VIDEOXOGOS GALEGOS.**

Dunha parte, José López Campos, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Galo Alberto Martínez Nieto, con DNI 44820941J, en virtude do seu cargo de presidente da Fundación Museo do Videoxogo de Galicia (CIF G94202223), actuando en nome e representación da entidade.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das Entidades que representan teñen conferidas e,

### **EXPOÑEN**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante Consellería) é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponde, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia.

Dentro das súas competencias vén desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á preservación, divulgación e promoción da cultura para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.





Unha desas actuacións é coordinar e supervisar o cumprimento da lexislación do depósito legal. O depósito legal ten como obxectivo a recompilación do patrimonio cultural e intelectual de cada país, co fin de poñelo ao dispor da cidadanía. A competencia para xestionar o depósito legal na Comunidade Autónoma galega foi transferida no ano 1981, o que lle permite á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, recompilar o material bibliográfico, gráfico, sonoro, audiovisual, electrónico ou realizado en calquera soporte editado ou producido no noso territorio con fins de difusión.

A actual lexislación establece que son obxecto de depósito legal, todas as obras bibliográficas, sonoras, visuais, audiovisuais e dixitais, producidas ou editadas en España, por calquera procedemento de produción, edición ou difusión e distribuídas en calquera soporte, tanxible ou intanxible.

Coa Lei 23/2011, do 29 de xullo, de depósito legal, constatouse como imprescindible que o patrimonio cultural e intelectual que protexe o depósito legal tiña que verse ampliado ao que se publica e difunde en soporte intanxible, como as páxinas web ou os libros electrónicos, xa que as novas tecnoloxías están a desenvolver novas formas de transmitir a información, o coñecemento e o lecer cada vez máis empregadas e irreversibles.

Unha das novas tipoloxías de creacións culturais que produciu o desenvolvemento tecnolóxico foron os videoxogos. Maila que nos seus inicios a efectos do depósito legal foron considerados documentos audiovisuais, o enorme desenvolvemento desta industria nos últimos anos como elementos imprescindibles para o lecer da cidadanía, ao nivel da literatura ou do cine, fixeron que na recente Lei 8/2022, do 4 de maio, pola que se modifica a Lei 23/2011, do 29 de xullo, de depósito legal, xa aparecesen citados de xeito independente para conseguir o depósito da edición completa desa tipoloxía documental.

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, establece que a Biblioteca de Galicia, dependente da Consellería, a través da Dirección Xeral de Cultura, é a entidade encargada de coordinar, recibir e xestionar, como centro depositario e de conservación, o depósito legal e velar polo cumprimento da súa normativa. Tanto para as publicacións obxecto de





depósito legal en soporte tanxible como intanxible, a Biblioteca de Galicia é o centro conservador, coordinador e asesor na nosa comunidade. Nela recae tamén a iniciativa para que as publicacións editadas ou producidas no noso territorio, sexan preservadas mediante a aplicación da lexislación de depósito legal. Esa iniciativa é especialmente proactiva no caso das publicacións en liña, xa que desde a Lei 8/2022 son os centros de conservación, os que teñen que determinar que publicacións en liña e que recursos son os que se depositarán ou capturarán.

Para cumprir coas súas funcións, establecidas no artigo 10 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, a Biblioteca de Galicia pon en marcha distintos mecanismos de colaboración para implicar a institucións da memoria e demais entidades culturais na preservación e difusión do noso patrimonio cultural.

No caso do videoxogos, na nosa comunidade autónoma destaca o labor da Fundación Museo do Videoxogo de Galicia (en diante Fundación MUVI), que ten como finalidade reivindicar o videoxogo como unha forma de cultura e de arte. Constituída o 2 de marzo de 2020, foi recoñecida como Fundación de Interese Galego e, polo tanto, adscrita á Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia o 20 de xullo de 2020. No 2024, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude asinou o acordo de creación e cualificación para a incorporación do MUVI ao Sistema Galego de Centros Museísticos, formado por máis de 80 centros.

A Fundación MUVI xorde a partires da necesidade de reivindicar o videoxogo como unha forma de cultura e de arte, vencellado coas virtudes da faceta lúdica do ser humano. O seu obxectivo é poñer en valor o videoxogo como un medio de comunicación, expresión e creación, así como unha ferramenta educativa no sentido máis amplo da palabra.

A día de hoxe o equipo da Fundación MUVI é un dos maiores coñecedores de todos os axentes que operan no mundo dos videoxogos en Galicia (empresas, desenvolvedores, ilustradores, etc). A súa colaboración é fundamental para tratar de identificar todos os videoxogos susceptibles de estar baixo a obriga da lexislación de depósito legal.





A Fundación MUVI tamén conta cunha colección de dispositivos de videoxogos imprescindible en moitos casos para dar acceso aos primeiros produtos galegos desta tipoloxía e para os que debido á obsolescencia tecnolóxica sería imposible acceder sen a súa implicación.

De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura para o ano 2025, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos neste plan, nos que non é posible promover a concorrència, polas especiais características da entidade coa que se leva a cabo esta colaboración.

Establécense así razóns de interese público que xustifican a sinatura deste convenio, sen que proceda promover a concorrència pública ao ser a Fundación MUVI á entidade que, polo seu carácter único e aglutinador, pode desenvolver as actuacións propostas.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira.- Obxecto e actuacións.**

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Museo do Videoxogo de Galicia para garantir a identificación, difusión e preservación do patrimonio vencellado aos videoxogos galegos.

A colaboración entre a Consellería e o MUVI terá como obxectivo executar as seguintes actuacións, que se desenvolverán no tempo de vixencia deste convenio, isto é, desde o día seguinte da data da sinatura desde convenio e ata o 31 de decembro de 2026.

- Análise da situación actual da industria do videoxogo en Galicia





- Elaboración dunha base de datos na que se reflectan todos os axentes vencellados dalgunha forma á industria do videoxogo na nosa Comunidade Autónoma: empresas, desenvolvedores, ilustradores, músicos, etc.
  - Creación dun directorio de títulos de videoxogos creados por empresas con sede social en Galicia. Os traballos para crear ese directorio comezarán polos videoxogos en formato tanxible. Unha vez localizados e descritos os publicados en soporte físico, o directorio incrementarase cos que se produzan noutros formatos.
- Facer chegar aos axentes produtores a Información sobre a obrigatoriedade do depósito legal para este tipo de publicacións e aos centros conservadores a importancia da súa responsabilidade para identificalos e conservalos para as xeracións futuras.
- Traslado e introdución dos obxectivos da Biblioteca de Galicia a autores clave da industria galega.
  - Deseño dun calendario de encontros coa industria do videoxogo para que coñezan que é o depósito legal, tanto de soportes tanxibles como intanxibles.
  - Proposta da información necesaria para poder elaborar, en soporte impreso e dixital, material publicitario sobre o depósito legal.
  - Preparación e realización de encontros, nos formatos que máis se axusten, para garantir unha difusión o máis ampla posible da obriga do DL para os videoxogos.
- Obter unha descrición bibliográfica o máis detallada posible dos videoxogos identificados para a súa incorporación ao Catálogo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.
- Difundir o valor dos videoxogos como parte do patrimonio audiovisual de Galicia mediante unha mostra bibliográfica na Biblioteca de Galicia sobre a historia dos videoxogos na nosa comunidade autónoma
- Identificar as necesidades tecnolóxicas para garantir a preservación dos videoxogos producidos en Galicia en soporte non tanxible e a non obsolescencia dos editados en soporte tanxible.





As actividades a realizar pola Fundación MUVI para obter estes obxectivos, co seu orzamento desagregado, son as seguintes:

<b>Orzamento Convenio colaboración Consellería Cultura – MUVI 2025/2026</b>		
	Importe 2025	Importe 2026
<b>Análise da situación actual da industria do videoxogo en Galicia</b>		
1- Elaboración de definición de base de datos, así como a súa execución na que se reflectan tódolos axentes vencellados á industria do videoxogo na nosa Comunidade Autónoma: empresas, desenvolvedores, ilustradores, músicos, etc.  2-Traslado e introdución dos obxectivos da Biblioteca de Galicia a autores clave da industria galega.	460	
3- Desenvolvemento dun inventario de títulos de videoxogos creados por empresas con sede social en Galicia.  3.1- O directorio comezará por localizar e describir os videoxogos publicados en soporte físico.  3.2- Unha vez identificados os publicados en soporte físico, o directorio incrementarase cos que se produzan noutros formatos.	2.300	1.000
<b>Información aos axentes produtores sobre a obrigatoriedade do depósito legal para este tipo de publicacións e aos centros conservadores sobre as súa responsabilidade para identificalos e conservalos para as xeracións futuras</b>		
1 - Deseño dun calendario de encontros coa industria do videoxogo para que coñezan que é o depósito legal, tanto de soportes tanxibles como intanxibles.		200
2 – Proposta da información necesaria para poder elaborar, en soporte impreso e dixital, material publicitario sobre o depósito legal.		500
3 – Preparación e realización de encontros, nos formatos que máis se axusten, para garantir unha difusión o máis ampla posible da obriga do DL para os videoxogos.		750
<b>Asesoramento na descrición bibliográfica dos videoxogos identificados para a súa incorporación ao Catálogo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia</b>		





Fase 1 – Videoxogos en soporte tanxible	440	
Fase 2 – Videoxogos en soporte non tanxible		750
Asesoramento para identificar as necesidades tecnolóxicas para garantir a preservación dos videoxogos producidos en Galicia en soporte non tanxible e a non obsolescencia dos editados en soporte tanxible		900
<b>Difusión do valor dos videoxogos como parte do patrimonio audiovisual de Galicia</b> <ul style="list-style-type: none"><li>Comisariado dunha mostra bibliográfica na Biblioteca de Galicia sobre a historia dos videoxogos na nosa comunidade autónoma</li></ul>		2.900
	<b>3.200 €</b>	<b>7.000 €</b>

## Segunda.- Xustificación da non concorrencia competitiva

Non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades dada a súa especificidade e exclusividade baseadas en criterios obxectivos por canto é a Fundación MUVI un referente exclusivo en Galicia relacionado coa identificación e preservación dos videoxogos e, polo tanto, a única que pode desenvolver as devanditas actividades na nosa comunidade autónoma.

Por todo o anterior é a Fundación MUVI a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2025, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

## Terceira.- Financiamento.

O custo total estimado das actuacións previstas no convenio ascende a 10.200 € para os anos 2025 e 2026.





A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude contribuirá no desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio coa achega total de 10.200 € que se imputarán a partida orzamentaria 13.03.432A.640.7, proxecto 2023 00073, do orzamento da Xunta de Galicia para os anos 2025 e 2026, de acordo coa seguinte distribución:

- Para o ano 2025: 3.200 €
- Para o ano 2026: 7.000 €

O MUVI poñerá a dispor deste convenio os seus medios persoais e os seus espazos e equipamentos para a realización do das actividades previstas neste convenio.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior aos importes sinalados, a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude diminuírase proporcionalmente.

Dita achega financiará exclusivamente o custo de realización das actuacións obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

#### **Cuarta.- A Fundación Museo do Videoxogo de Galicia.**

Mediante a sinatura deste convenio, a Fundación MUVI comprométese a realizar as actuacións necesarias para a identificación, difusión e preservación do patrimonio vencellado aos videoxogos galegos.

Como posuidores tanto da información como da tecnoloxía vencellada á identificación e a preservación do videoxogo galego, a Fundación MUVI colaborará na organización, administración e xestión das accións que sexan necesarias para a boa execución do proxecto cos seus medios. Para elo poñerá a disposición da Biblioteca de Galicia a súa infraestrutura tecnolóxica, mentres que a biblioteca non dispoña dos medios suficientes para garantir a conservación e acceso a estes materiais. No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos, pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro deste





convenio, poderá subcontratar a realización daquelas actividades que así o requiran.

A Fundación MUVI comprométese a facer constar en toda a publicidade que xeren as actividades, tanto impresa como audiovisual, a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta, que poderán descargar a través do seguinte enlace: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa>.

#### **Quinta.- A Xunta de Galicia.**

A Xunta de Galicia, a través da Biblioteca de Galicia, colaborará nos custos derivados da realización das actuacións necesarias para a identificación, difusión e preservación do patrimonio vencellado aos videoxogos galegos. O importe máximo a asumir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ascenderá a 3.200 € para o ano 2025 e de 7.000 € para o ano 2026.

A Biblioteca de Galicia, como representante da Consellería, será quen coordine e supervise a programación e a execución das actuacións contidas no presente convenio e, xunto coa Fundación MUVI, será a que tome as decisións que afecten ao desenvolvemento das actividades.

#### **Sexta.- Compatibilidade**

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver, que figura no convenio.

#### **Sétima.- Comprobación de datos**

Para a tramitación deste convenio consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:





- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

No caso de opoñerse a esta consulta, deberán indicalo expresamente e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Así mesmo, de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

### **Oitava.- Xustificación dos gastos e pagamento.**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Segundo se vaian realizando as actividades recollidas na cláusula primeira deste convenio, a Fundación MUVI poderá presentar xustificación por cada unha das actividades realizadas e rematadas. Para elo presentará electronicamente a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterà:





- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor, do importe, data de emisión e data de pagamento.
- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- No caso de que as actividades realizadas impliquen gastos de persoal, a Fundación MUVI achegará unha certificación do persoal que participa no proxecto.

Aos efectos desta xustificación, consideraranse os gastos realizados no ano 2025 a partir da data de sinatura do presente convenio e que respondan á natureza da actividade realizada.

Para as actuacións levadas a cabo durante os anos de vixencia deste convenio, o prazo máximo para a presentación da documentación xustificativa será o 1 de decembro para as desenvoltas no 2025 e o 1 de decembro de 2026 para as que se programen nese ano.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización dos prazos de xustificación establecidos para o 2025 e 2026.

A Dirección Xeral de Cultura será o órgano competente encargado de comprobar o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previsto.

A Fundación MUVI facilitará toda a información que lle requira a Consellería así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

### **Novena.- Publicidade.**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigacións da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin,





as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Todo iso sen prexuízo do debido cumprimento, por ambas as partes, en atención á súa propia natureza, das obrigacións de publicidade e transparencia derivadas da normativa aplicable, en especial da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Así mesmo, a Fundación MUVI acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

#### **Décima.- Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados. Difusión da colaboración das partes.**

Os resultados froito deste convenio, tales como materiais, bases de datos, publicacións e demais material obtido, serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación MUVI. En todo caso respectarase o establecido no *Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia* (BOE núm. 97, do 22/04/1996).

A Consellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de





identidade corporativa. Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención das outras partes e deste convenio.

O uso e a difusión sobre os resultados, publicacións e demais materiais terán carácter gratuito para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

### **Décimo segunda.- Vixencia.**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde o día seguinte ao da data de sinatura desde convenio e ata o 31 de decembro de 2026.

O convenio poderá ser prorrogado de maneira expresa mediante as correspondentes addendas, cos límites establecidos no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

### **Décimo terceira.- Comisión mixta de seguimento**

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ou a persoa en quen delegue, e polo presidente da Fundación MUVI, ou a persoa que designe en substitución.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

### **Décimo cuarta.- Causas de resolución.**

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando





automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión:

A Administración da Comunidade Autónoma poderá desistir da tramitación deste convenio.

### **Décimo quinta.- Responsabilidade das actuacións.**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **Décimo sexta.- Avaliación de resultados.**

Co fin de valorar os resultados finais en relación aos fondos públicos, unha vez presentada a xustificación, ou xunto con ela, en todo caso antes do 31 de decembro, a Fundación MUVI deberá enviar unha avaliación dos resultados obtidos nas actividades realizadas en cada un dos anos de vixencia do convenio, de acordo coas indicacións dadas pola Consellería.

### **Décimo sétima.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.**

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais. Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten





necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

### **Décimo oitava.- Administración dixital.**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

### **Décimo novena.- Notificación electrónica.**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os





empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **Vixésima.- Réxime xurídico.**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións. Tamén quedará suxeito ao disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención e a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento prevista na cláusula décimo terceira.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir en última instancia, as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

Pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Pola Fundación do Museo do Videoxogo de Galicia

José López Campos

Galo Alberto Martínez Nieto

